



O Concello de Santiago a través do seu departamento de deportes e a Federación Galega de Atletismo organizan a **IX Edición da Carreira San Silvestre de Santiago de Compostela** que terá lugar o **11 de marzo de 2023** (**proba aprazada o 31 de decembro de 2022**) a partir das **17:00 horas da tarde**.

As probas estarán suxeitas o seguinte:

## **REGULAMENTO**

1. Poderán participar atletas federados e non federados (para os cales realizarase una licenza de día) haberá unha soa clasificación conxunta. O control técnico das carreiras estará a cargo do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

2. A **SAÍDA** da proba será a partir das **17:00 horas desde a Avenida de Xoan XXIII**. A zona de meta estará ubicada na **Praza do Obradoiro**.

3. A idade mínima para poder tomar parte na proba será a de aqueles atletas nados/as no ano **2010**. Os atletas menores de esa idade non poderán participar na proba, a organización non se fará responsable deles.

## **4. CATEGORIAS E HORARIOS**

Nesta edición de 2022 (2023), a carreira disputarase conxuntamente co **CAMPIONATO DE GALICIA DE 5 KM EN RUTA 2022**, polo cal haberá caixóns de saída distribuídos por marcas, tendo preferencia os atletas que disputen o Campionato de Galicia.

Publicarase de xeito previo un horario de saídas por caixóns e a composición dos mesmos. O horario das probas será o seguinte:

CATEGORÍA	ANOS DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORA
<b>SAN SILVESTRE POPULAR CATEGORÍA ESCOLARES</b>	do 2005 ó 2010	<b>5 km homologados pola RFEA</b>	<b>A partir das 17:00 h</b>
<b>SAN SILVESTRE POPULAR CATEGORÍA ADULTOS E CAMPIONATO DE GALICIA DE 5 KM EN RUTA</b>	2004 e anteriores	<b>5 km homologados pola RFEA</b>	<b>A partir das 17:00 h</b>

**A entrega de premios será ás 18:15 horas aprox. na Praza do Obradoiro**

## **5. LUGAR DE SAÍDA E META**

A saída de todas as probas realizarase desde a **Avenida de Xoan XIII**.

A meta será na **Praza do Obradoiro**.

## 6. INSCRICIÓNS

As inscricións poderán realizarse a través das páxinas web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal), con data límite **o martes 7 de marzo ás 23:59 horas**.

Deberán cubrir o formulario cos datos requiridos e finalizar o proceso de inscrición (poderán consultar o listado provisional de inscritos en ditas webs). Establecerase un límite de **2700** inscritos na proba. Unha vez chegada a esa cifra pecharase a inscrición.

### **CAIXÓNS SAN SILVESTRE:**

Os caixóns de competición faranse por orde de marcas na distancia, e no caso de non existir, faranse por orde aleatorio establecido previamente. Os atletas participantes no Campionato de Galicia de 5 km en ruta saíran no caixón dianteiro.

### **PREZOS E PRAZOS DA INSCRICIÓN**

- **CATEGORÍA ESCOLARES e ADULTOS:** **4 €**

\* O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago da páxina web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com).

Para calquera dúbida co proceso de inscrición poderán poñerse en contacto co teléfono **981 291 683** (Federación Galega de Atletismo), ou no em@il [info@carreirasgalegas.com](mailto:info@carreirasgalegas.com).

Teléfonos de información xeral da proba:

☎ **981 291 683 / 981 528 730**

Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o día da proba.

### **SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE COTA DE INSCRICIÓN E INSCRITOS DA PROBA DO 31/12/2022**

**Todos os/as participantes inscritos para a proba do 31/12/2022 estarán inscritos para a proba do 11 de marzo de 2023.**

**No caso de solicitar a baixa na carreira e a devolución da cota de inscrición, terano que facer antes do 7 de marzo de 2023 ás 23.59 horas no email [info@carreirasgalegas.com](mailto:info@carreirasgalegas.com).**

## PREMIOS E AGASALLOS

### **SAN SILVESTRE:**

- ☎ Trofeo para as/ós 3 primeiros/as clasificados/as da categoría adultos (5 km homologados pola RFEA).
- ☎ Trofeo para as/ós 3 primeiros/as clasificados/as da categoría escolares (5 km homologados pola RFEA).
- ☎ Premio participación ao **club de atletismo federado feminino** con máis participantes ADULTOS nas probas.
- ☎ Premio participación ao **club de atletismo federado masculino** con máis participantes ADULTOS nas probas.
- ☎ Premio participación ao **grupo popular** con máis participantes na proba (deberán reflexar o mesmo nome na inscrición).

- ✚ Premio participación a **EMPRESA** con máis participantes na proba (deberán reflexar o mesmo nome na inscrición).
- ✚ Premio participación ao **Centro Deportivo ou Ximnasio** con máis participantes na proba (deberán reflexar o mesmo nome na inscrición).
- ✚ Premio ao **mellor disfraz de grupo (mínimo 3 integrantes)**.
- ✚ Premio aos 3 mellores disfraces individuais.

**TODOS OS ATLETAS PARTICIPANTES NO CAMPIONATO DE GALICIA DE 5 KM EN RUTA DEBERÁN INSCRIBIRSE NA PROBA POPULAR SE DESEXAN TOMAR PARTE NOS PREMIOS POPULARES**

## 7. RECOLLIDA DE DORSAIS

**UTILIZARSE O DORSAL RECOLLIDO NA SAN SILVESTRE DO 31/12/2022. OS NOVOS DORSAIS DAS NOVAS INSCRICIÓN, DEBERÁN RECOLLERSE NOS SEGUINTE PRAZOS E LUGAR:**

- **LUGAR:** Centro Comercial As Cancelas
- **Horarios e días:**

- Venres 10 de marzo de 11:00 a 20:30 horas Centro Comercial As Cancelas (xunto ao momento de información)
- Sábado 11 de marzo de 11:00 a 13:30 horas Centro Comercial As Cancelas (xunto ao momento de información)
- Sábado 11 de marzo de 15:15 a 16:15 horas na Praza do Obradoiro.

En caso de perda de dorsal, deberá contactar con [info@carreirasgalegas.com](mailto:info@carreirasgalegas.com)

**ENTREGARANSE DE XEITO EXCLUSIVO DORSAIS NA PRAZA DO OBRADOIRO O DÍA 11 DE 15:15 a 16:15 HORAS**

**(Prégase realizar a recollida no Centro Comercial as Cancelas para evitar posibles colapsos na entrega)**

Na proba todos atletas correrán cun chip que irá situado na parte traseira do dorsal que non poderá manipularse. Permitirase correr disfrazado, pero o dorsal deberá levarse de xeito visible na zona anterior do corpo.

## 8. CIRCUÍTO

A proba disputarase sobre un circuítio de 5 km en ruta homologados pola Real Federación Española de Atletismo e as marcas pasarán ao ranking galego e nacional na distancia. O circuítio estará publicado nas web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal).

A saída será na Avenida de Xoan XXIII e a meta será na Praza do Obradoiro

9. Todo o non recollido no presente regulamento rexerese pola normativa de probas en ruta da **FGA** e da **RFEA** en vigor.
10. A Organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento. A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento.

Queda totalmente prohibido correr na proba sen estar previamente inscrito. Prégase precaución na proba polo alto volume de participantes na mesma. A seguridade é o primeiro.

## **11. OUTRAS CONSIDERACIÓNS:**

### **RESPONSABILIDADE**

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

### **LOPD**

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.